



Concello de Outeiro de Rei

MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3: Bonificacións potestativas.

1º.-As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se apricará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Correspondrá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordaránse previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3º.-Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

SEGUNDO. Aprobar o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construccións, Instalacións e Obras, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por ciento da cota íntegra do imposto para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.



Concello de Outeiro de Rei

Esta medida será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarásela, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da mayoría simple dos seus membros.

En relación coa bonificación citada, establecéense os seguintes tramos:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Engadir unha Disposición Adicional Terceira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmobilés, coa redacción seguinte:

Disposición Adicional terceira: Imposto de Actividades Económicas. Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.

A bonificación aplicarásela á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire a Disposición Adicional Segunda.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles otros que consistan nunha ampliación das instalacións e se apricará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarásela, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da mayoría simple dos seus membros.

CUARTO. Engadir unha Disposición Transitoria á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmobilés, coa redacción seguinte:

Disposición Transitoria

As bonificacións potestativas previstas no artigo 3.2 e na Disposición Adicional Terceira terán unha vixencia de tres exercizos naturais. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.



Concello de Outeiro de Rei

QUINTO. Aprobar o artigo 2ºbis da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, coa redacción quese recolle a continuación:

Artigo 2º bis.- Supostos de non suxeición.

Establécese a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou licencia de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo á súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conlleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a alguma actividade económica das incluidas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

Este suposto de non suxeizón terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

[Modificación *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control* aprobada na sesión plenaria deste concello de data 28/12/2017. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 093, de 24/04/2018].



Concello de Outeiro de Rei
